

ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA O DESEÑO, POSTA EN MARCHA, PROMOCIÓN E MANTEMENTO DA PÁXINA WEB DO PROXECTO “RUTAS DO VIÑO DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL”

O expediente para a contratación do servizo para o **deseño, posta en marcha, promoción e mantemento da páxina web do proxecto “Rutas do Viño da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”, financiado con fondos Feder a través do P.O. Cooperación Transfronteriza España-Portugal**, iniciouse o 11 de maio de 2010 mediante resolución do director xeral de Agader, cun orzamento de licitación de 30.000 €, IVE incluído. Tramitouse polo procedemento negociado ao abeiro dos artigos 153 a 162 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.


O 30 de xullo de 2010, o secretario xeral de Agader realizou unha proposta de adxudicación do contrato citado.

De acordo coa proposta de adxudicación sinalada, o director xeral, en virtude das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 21 de xuño de 2007, segundo o previsto no artigo 6.1 j) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia,

RESOLVE

Adxudicar provisionalmente o contrato de **servizos para o deseño, posta en marcha, promoción e mantemento da páxina web do proxecto “Rutas do Viño da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”, financiado con fondos Feder a través do P.O. Cooperación Transfronteriza España-Portugal**, á empresa **Técnicas & Gramaxe S.L.** con CIF **B36380483**, por un importe de **28.084 €**, IVE incluído.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2010
O director xeral de Agader



Antonio Crespo Iglesias